

## ACTRIZ

Claremont, California. Xuño de 2008.

## ACTOR 1

Un escritor está a traballar na que debería ser a súa terceira novela. Á primeira que escribiu, unha prometedora obra de xuventude, seguíanlle un libro de relatos e un ensaio sobre o rap até que, en 1996, sae do prelo a súa segunda novela, un dos máis grandes logros literarios do século e obxecto de culto para milleiros de seguidores en todo o mundo desde o mesmo momento da súa publicación. Un escritor tiña daquela trinta e catro anos. Agora ten corenta e seis e é un dos máis firmes candidatos a asinar a indiscutible primeira “gran novela americana” do século XXI.

## ACTOR 2

Para unha parte importante da crítica especializada, ese fito xa se produciu hai anos, en 2001, xusto no inicio do século. O seu autor é outro escritor e só tres meses despois da súa publicación, a novela en cuestión, a terceira que escribía, xa vendera preto de tres millóns de exemplares en todo o mundo. Outro escritor ten agora corenta e nove anos e reside en Berlín, a onde se exiliou temporalmente para concentrarse no traballo. E parece que, despois de varios intentos frustrados ao longo dos últimos anos, por fin arrincou coa que será a súa cuarta novela, deixando atrás os días de crise creativa nos que se vía como Snoopy no tellado da caseta, paralizado ante a máquina de escribir e cun moi descritivo garabato enmarañado sobre a cabeza.

## ACTOR 1

Paralizado e confuso: así é máis ou menos como se sente un escritor despois de case doce anos...

## ACTOR 2

Doce putos anos.

ACTOR 1

... documentándose e redactando páxinas e máis páxinas dunha novela que, co paso do tempo, se foi convertendo para el nunha auténtica ameaza.

ACTRIZ

Dous escritores son bos amigos desde hai anos.

ACTOR 2

Auténticos amigos.

ACTOR 1

Amigos de verdade.

ACTRIZ

Amigos nunha loita agónica contra todo e contra todos.

ACTOR 2

Contra os predecesores.

ACTOR 1

Contra os coetáneos.

ACTOR 2

Contra os escritores do futuro.

ACTOR 1

E contra un mesmo.

ACTOR 2

Sobre todo contra un mesmo.

ACTOR 1

Contra as túas limitacións.

ACTOR 2

Contra as túas supostas virtudes.

ACTOR 1

Contra a túa obra presente.

ACTOR 2

Contra a pasada e contra a que ha de vir.

ACTOR 1

Unha loita por ser amado.

ACTOR 2

Admirado.

ACTOR 1

Recoñecido.

ACTOR 2

Por impoñer a túa visión.

ACTOR 1

Por permanecer na memoria da xente.

ACTOR 2

Por que as túas obras se sigan lendo dentro de cen anos.

ACTRIZ

Así pois, malia que a literatura é unha historia de rivalidades e confrontacións, dous escritores son amigos de verdade. A súa amizade iniciárase vinte anos atrás, en 1988. Un editor pedíralle a un escritor que lese a primeira novela doutro escritor –que esperaba aterrado o momento do seu debut no gran “combate da literatura”-, e un escritor léraa e despois escribíralle a esoutro escritor para transmitirlle a súa admiración.

ACTOR 1

Quíxeno desde esa primeira carta del.

ACTRIZ

Confesou esoutro escritor anos máis tarde.

ACTOR 1

En Claremont, California, un escritor pregúntase se non chegaría a hora de admitir a derrota e abandonar a novela que empezou a escribir doce anos atrás, porque desde hai unhas semanas, desde antes do verán, durante case toda a primavera, para o único que deu reunido forzas foi para ollar atemorizado ese monstro que non parou de medrar ano tras ano...

ACTOR 2

Durante doce putos anos.

ACTOR 1

... e que parece que o acabará engulindo o día menos pensado. Un escritor coñece ben ese sentimento ambi-

valente que bascula entre a angustia e a euforia, tan necesario para repoñer enerxías e continuar adiante como para exercer a autocrítica. Pero esta vez a cousa é moi diferente.

ACTOR 2

Mentres, outro escritor, o seu bo amigo e colega, está tan centrado no traballo alá no seu exilio temporal berlinés, tan inmerso nas primeiras boas páxinas de verdade que escribe despois de moitos anos de intentos frustrados, que é coma se o mundo desaparecese na súa volta. Ou el do mundo. Até que un día, de súpeto, volve á realidade cun sobresalto, espertando no medio da noite: acaba de lembrar un correo electrónico que lle enviou a un escritor e do que, pasados varios días, aínda non recibiu resposta. Entón érguese e descolga o teléfono cheo de aprehensión, convencido de que pasou algo.

ACTRIZ

Algo malo. Algo malo de verdade.

ACTOR 2

Isto pode parecer unha invención.

ACTRIZ

Un efecto dramático.

ACTOR 2

Pero foi así como sucedeu. Así exactamente.

ACTRIZ

Para que entendan a preocupación do escritor en Berlín, cómpre que saiban que o escritor en Claremont, California, sofre unha depresión suicida desde hai vinte anos.

ACTOR 2

Unha puta depresión suicida.

ÍNDICE

DFW nas profundidades da tristeza infinita .....	7
As cancións que lles cantaban aos cativos.....	149
Agradecementos.....	249